

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.CURSO 2019/20

Miriam Rodríguez Vázquez

CEIP FONTES BAIÑA

4º EDUCACIÓN PRIMARIA (titoría)

MATERIA: Matemáticas; CCNN; CCSS; Lingua Galega; Lengua Castellana;
Educación Plástica.

MAIO 2019

1.Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**ÁREA DE LINGUA GALEGA E CASTELÁ.**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, orde e presentación.	Escribe textos do ámbito escolar e social, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas., (en diferentes soportes).
Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais/escritos sinxelos.	Comprende de forma global a información xeral de textos orais/escritos de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais.
Empregar de xeito básico e autónomo os medios ao seu alcance para obter información.	Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais, bibliográficos e dixitais para recoller información.
Utilizar estratexias para a comprensión de textos sinxelos de diversa tipoloxía.	Activa coñecementos previos axudándose deles para comprender un texto.
Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	Dedica un tempo semanal para a lectura voluntaria de diferentes textos.

1.Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA E CIENCIAS SOCIAIS**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Realizar experiencias sinxelas, pequenas investigacións, proxectos en diferentes soportes (papel, audio, dixital).	Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións seleccionando o material necesario e comunica os resultados en diferentes soportes.
Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias Sociais/Ciencias Naturais así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, natural, xeográfico histórico ou experimental.	- Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais e Ciencias naturais - Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación

<p>Manifestar actitudes de confianza e iniciativa persoal , curiosidade, interese, creatividade, que repercuten no seu aprendizaxe diario ante as circunstancias que o rodean.</p>	<p>Mostra actitudes de confianza en si mesmo, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que o rodean.</p>
--	---

1.Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. ÁREA DE MATEMÁTICAS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comunica de xeito oral/escrito de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema de matemáticas ou en contextos da realidade. - Reflexiona sobre o proceso revisando, interpretando resultados e buscando novas solucións.
<p>Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada. - Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas. - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento.

1.Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza, de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada, imaxes fixas atendendo ao tamaño, formato, elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz, función...) . - Interpreta e valora a información obtida de imaxes no contexto social, e elabora e comunica informacións básicas. -Realiza e presenta creación artísticas propias en función das propostas da titora.

Coñecer e utilizar materiais, técnicas e códigos diversos, profesións, propios da actividade artística.	<ul style="list-style-type: none"> - Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das propias creacións. - Presenta as tarefas con orde e limpeza, respectando as normas e as indicacións establecidas, e crea hábitos de traballo.
NA TOTALIDADE DAS ÁREAS TERASE EN CONTA ADEMAIS:	
Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.	<ul style="list-style-type: none"> - Adoita un comportamento responsable, construtivo e solidario respectando diferentes ideas e achegas nos debates, recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático. - Participa de forma construtiva, expresando dúbidas, achegando experiencias e construíndo un coñecemento común nas tarefas que realiza na casa.
Desenvolver actitudes de responsabilidade e cumprimento na presentación das tarefas de acordo aos criterios de orden, claridade e limpeza nas súas producións.	Realiza con responsabilidade e esforzo as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
Aplicar os contidos e aprendizaxes dados nas dúas avaliacións anteriores nas tarefas propostas ao longo do 3º trimestre.	Realiza as tarefas aplicando o aprendido ao longo do curso escolar.

2.Avaliación e cualificación.

Avaliación	Procedemento: Observación directa do alumnado: videoconferencia (momentos de comunicación); Probas: orais e escritas; Entrevistas con guión previo. Seguemento diario e rexistro dos traballos do alumnado.
	Instrumentos: Rúbricas elaboradas pola titora; Rexistro anecdótico; Listas de control do alumnado; Probas específicas: cuestionarios, probas orais, probas tipo (Quizz, Kahoot, Genially). Porfolio do alumno/a. Produccións dos alumno/as.
Cualificación final	Procedemento para obter a cualificación final de curso: Media da 1ª e a 2ª avaliación. A 3ª avaliación so computa para subir a media final, nunca para baixala. (Tendo en conta as condicións persoais de cada alumno/a).
Proba extraordinaria de setembro	

Alumnado con materia pendiente	Criterios de avaliación: Mínimos esixibles en cada unha das áreas presentes na “Programación didáctica 2019-20”.	
	Criterios de cualificación: Recuperación por medio dun traballo (contidos mínimos) da materia pendiente ou no seu defecto proba oral por videoconferencia, en función das posibilidades do alumno/a e sobre os contidos no acadados. Valorando a expresión oral/escrita, ortografía e orixinalidade así como a entrega dentro do prazo establecido. Para superala é necesario como mínimo obter unha nota igual ou superior a 5.	
	Procedemento e instrumentos de avaliación: Rúbrica sobre os contidos pendentes elaborada pola titora (enviarase ao alumno/a). Produccións do alumno/a. Resultado do traballo ou proba oral.	
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso ampliación).		
Actividades	Reforzo e repaso do dado nos dous trimestres anteriores; Actividades directamente relacionadas coas competencias clave . Ampliación: en certas áreas, sinxelas noções de contidos de cara ao vindeiro curso 2020-21. Outras: Relacionadas coa lectura, TICs , proxecta O Camiño e competencias ALFIN .	
Metodoloxía (alumnado con/sin conectividade)	Con	Edmodo: a totalidade do alumnado emprega esta plataforma logo dun tempo prudencial (1 mes) para a súa instauración definitiva. Videoconferencias: semanais (grupais/individuais). Uso de correo electrónico e drive, wetransfer .
	Sen	A totalidade do alumnado ten acceso a internet.
Materiais e recursos	Materiais	Libro de texto, libretas, folios, libros de lecturas en formato pdf.
	Recursos	TIC: Genially (presentacións), Canva, Kahoot, Quizz, Socrative. Enlaces web adaptados ao alumnado Materiais elaborados especificamente pola titora sobre a materia e contidos dados : presentacións con audio e vídeo, fichas interactivas, xogos, lecturas, comprensión oral/escrita, escritura creativa, VT (actividades con visual thinking).
4. Información e publicidade.		
Información ao alumnado e ás familias	Correo corporativo, Abalarmóbil e web do centro, Webex. Persoalmente a titora ademáis: Whatsapp e Gmail/Hotmail (gamificación da aula). Emprégase o blog do grupo de 4º EP(EXPERIMENT-4º) e apartado cursos (4º curso).	
Publicidade	Publicación obligatoria na páxina web do centro.	